

**INICIATIVA COMUNITARIA LEADER+**

**PLAN DE DESENVOLVEMENTO RURAL PARA O  
TERRITORIO EUROEUME**

**GRUPO DE ACCIÓN LOCAL: ASOCIACIÓN  
EUROEUME**

**As Pontes, xuño de 2001**



## ÍNDICE

<b>1. GRUPO DE ACCIÓN LOCAL .....</b>	
1.1. Denominación.....	
1.2. Data de constitución .....	
1.3. Número de socios .....	
1.4. Número de persoas que forman parte do G.A.L. a través das asociacións integradas e a título principal .....	
1.5. Xunta Directiva .....	
<b>2. TERRITORIO .....</b>	
2.1. Concellos incluídos .....	
2.2. Poboación .....	
2.3. Superficie.....	
2.4. Densidade de poboación.....	
2.5. Estructura do hábitat.....	
2.6. Movemento natural da poboación: natalidade, mortalidade e crecemento vexetativo .....	
2.7. Estructura da poboación por idades. Nivel de envellecemento e taxas de dependencia e substitución .....	
2.8. Evolución da poboación .....	
2.9. Variables básicas do mercado de traballo: poboación activa, ocupada e desempregada .....	
2.10. Estructura sectorial da poboación ocupada .....	
2.11. Nivel de renda e outros indicadores xerais sobre o nivel de desenvolvemento económico do territorio	
2.12. Superficie en zonas desfavorecidas e de montaña.....	
<b>3. SÍNTESE DO DIAGNÓSTICO ESTRATÉXICO. ANÁLISE D.A.F.O. ....</b>	

**4. CADRO RESUME DAS ACCIÓNS .....**

**5. CADROS FINANCIEROS .....**

**6. ORGANIGRAMA DE FUNCIONAMENTO DO GRUPO .....**

6.1. Asemblea Xeral da Asociación .....

6.2. Xunta Directiva .....

6.3. Comisión Permanente.....

6.4. Intervención- Responsable Administrativo Financeiro.....

6.5. Xerencia.....

## **1. GRUPO DE ACCIÓN LOCAL**

### 1.1. Denominación

Asociación EUROEUME

### 1.2. Data de constitución

O Grupo constituiu-se legalmente o 2 de setembro de 1996. No Anexo 1 do Plan de Desenvolvemento (volume II da documentación) adxúntase a Acta de Constitución.

### 1.3. Número de socios

Na actualidade o Grupo de Acción Local EuroEume conta con 57 socios (o seu listado pode verse no cadro que figura a continuación).

### 1.4. Número de persoas que forman parte do Grupo de Acción Local EuroEume a través das asociacións integradas e a título principal

Nº Rexistro	Nome da asociación ou entidade	Nº de socios
1	ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA DE AS PONTES	453
2	ASOCIACIÓN AMIGOS DA MÚSICA	90
3	ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS "NUESTRA SEÑORA DEL ROSARIO"	106
4	GRUPO FOLCLÓRICO E CULTURAL "VIRXE DA CELA"	310
5	CLUB DEPORTIVO ENDESA DE AS PONTES	700
6	ASOCIACIÓN DE XÓVENES EMPRESARIOS PONTESES	Sen datos
7	CASA OUTEIRO	1
8	COOPERATIVA DO CAMPO A CAPELA	241
9	ALTO XESTOSO SOCIEDADE COOPERATIVA LIMITADA	57
10	ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS	36

11	SOCIEDADE DEPORTIVA E CULTURAL "A CAPELA"	176
12	ASOCIACIÓN CULTURAL "O NOSO LAR"	54
13	IRMANDADE AS PONTES-LESNEVEN	54
14	ASOCIACIÓN "QUETAFAE"	20
15	ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA "CODESAL"	57
16	ASOCIACIÓN DE MULLERES DO CAMPO XESTOSO-CAMBAS	68
17	CLUB DE MONTAÑA FIRRETE - AUTOPISTAS	100
18	GRUPO XUVENIL DE PIRAGÜISMO	110
19	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "ANDRADE"	90
20	ASOCIACIÓN FORESTAL DE GALICIA	1.800
21	ASOCIACIÓN VECIÑAL "SAN XORXE"	52
22	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "O FREIXO"	160
23	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS ALTO XESTOSO	32
24	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "AS CAMPEIRAS"	105
25	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "EL IGLESARIO"	98
26	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "SANTA EULALIA"	60
27	ASOCIACIÓN. VECIÑOS "A CAÑOTA"	84
28	UNIDADE VECIÑAL "OLMO"	600
29	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "O CASTELO"	169
30	SOCIEDADE COOPERATIVA TIRSO DE AMBROA	200
31	ASOCIACIÓN DIOCESANA DE EDUCACIÓN CATÓLICA	50
32	AGRUPACIÓN FERREÑAS	200
33	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "A CHOUPANA"	130
34	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "ADIANTE"	93
35	ASOCIACIÓN (AFAES) "PORTA NOVA"	70
36	NIÑO DO AZOR	75
37	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS MONTE FORGOSELO	120
38	CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)	1.320

39	GUERRILLEIROS DAS FRAGAS	42
40	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN ESTEBAN DO CAMIÑO ARRIBA	38
41	IDEA E PRODUCTO NÉBOA	1
42	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS EUMESA	38
43	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE AS PONTES	153
44	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "O VINCALLO"	70
45	A XANELA	80
46	ASOCIACIÓN ECUESTRE "23 DE ABRIL"	51
47	C V FLUVIAL DE AS PONTES	40
48	UNIÓN COMARCAL UGT FERROL	1.105
49	FEDERACIÓN DE ONGS DE FERROLTERRA	22
50	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS OMBRE	57
51	XÓVENES AGRICULTORES	2.600
52	SOCIEDADE COOPERATIVA DE NARAHÍO	553
53	VAL XESTOSO SOCIEDADE COOPERATIVA LIMITADA	105
54	ASOCIACIÓN DE ECONOMÍA SOCIAL BRIANTE	5
55	ASOCIACIÓN GALEGA DE APICULTURA	32
56	LICEO RECREATIVO E ARTÍSTICO	460
57	ACIVROS	4
<b>TOTAL</b>		<b>13.597</b>

### 1.5. Xunta Directiva

A Xunta Directiva da Asociación está formada polo Presidente, Vicepresidente, Secretario, Tesoureiro e 10 vocais. Os 14 membros que integran actualmente a Xunta Directiva distribúense do seguinte modo:

**Representando aos Concellos:** D. Víctor Guerreiro Pena, alcalde de As Pontes; D.



Constantino Bedoya Vázquez, alcalde de San Sadurniño; D. Anxo López Sueiro, alcalde de A Capela; D. Xulio Cribreiro García, alcalde de Moeche.

**Representando á Xunta de Galicia:** D<sup>a</sup> Rosa Gómez Díaz, Delegada Provincial de A Coruña da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

**Representando á Deputación Provincial de A Coruña:** D. Juan Blanco Rouco, Vicepresidente 3º da Deputación Provincial de A Coruña.

**Representando ás Asociacións Recreativas, Culturais e Deportivas:** D<sup>a</sup> Margarita Rivera Piñeiro e D. Andrés Pérez Pérez.

**Representando ás Cooperativas e Sociedades Agrarias en Transformación:** D<sup>a</sup> Ana Isabel Vence Permuy e D. Nicolás Pena Martínez.

**Representando ás Asociacións Veciñais e sen ánimo de lucro:** D. José Castro Romero e D. Félix Pena Calvo.

**Representando ás Asociacións de Empresarios e Comerciantes:** D. Miguel López Lamas e D. Jaime Pérez Feal.

## **2.TERRITORIO**

## 2.1. Concellos incluídos


Os nove concellos que integran a área de actuación do Grupo de Acción Local EuroEume son:

- ✓ Os cinco que forman a comarca do Eume no mapa comarcal da Xunta de Galicia: **Cabanas, A Capela, Monfero, Pontedeume e As Pontes.**
- ✓ Un concello da comarca de Betanzos (dos 11 que a integran): **Vilarmaior.** Se ben este municipio presenta unhas fortes relacións comerciais co núcleo de Pontedeume, situándose entre as áreas de mercado de Betanzos e Pontedeume.
- ✓ Tres concellos clasificados na comarca de Ferrol: **Moeche, San Sadurniño e As Somozas.**

## 2.2. Poboación

O territorio conta con **37.251 habitantes** de dereito, segundo a Revisión do Padrón Municipal do ano 2000, o que representa o 3,4% da poboación da provincia de A Coruña e o 1,4% da galega (ver cadro 1).

**Gráfico 1. Pirámide de poboación do territorio EuroEume 1998**



Fonte: IGE, Revisión do Padrón Municipal de Habitantes 1998. Elaboración propia

### 2.3. Superficie

O territorio EuroEume ten unha extensión de **793,4 km<sup>2</sup>**, distribuídos nos nove concellos citados, o que supón o 10,0% da superficie da provincia de A Coruña e o 2,7% do total galego (ver cadro 1).

**Cadro 1. Superficie, poboación e densidade demográfica do territorio EuroEume**

Concellos	Superficie km <sup>2</sup>	Poboación		Densidade (habit/km <sup>2</sup> )	
		1996	2000	1996	2000
Cabanas	30,9	3.226	3.371	104,4	109,1
Capela (A)	58,7	1.642	1.561	28,0	26,6
Moeche	48,4	1.601	1.559	33,1	32,2
Monfero	171,6	2.847	2.697	16,6	15,7
Pontedeume	29,5	8.881	9.109	301,1	308,8
Pontes (As)	253,2	12.664	12.671	50,0	50,0
San Sadurniño	95,4	3.504	3.419	36,7	35,8
Somozas (As)	74,3	1.543	1.455	20,8	19,6
Vilarmaior	31,4	1.435	1.409	45,7	44,9
<b>EuroEume</b>	<b>793,4</b>	<b>37.343</b>	<b>37.251</b>	<b>47,1</b>	<b>47,0</b>
<b>A Coruña</b>	<b>7.930,9</b>	<b>1.110.302</b>	<b>1.108.980</b>	<b>140,0</b>	<b>139,8</b>
<b>Galicia</b>	<b>29.476,7</b>	<b>2.742.622</b>	<b>2.730.337</b>	<b>93,0</b>	<b>92,6</b>
<b>% EuroEume/A Coruña</b>	<b>10,0%</b>	<b>3,4%</b>	<b>3,4%</b>		
<b>%EuroEume/ Galicia</b>	<b>2,7%</b>	<b>1,4%</b>	<b>1,4%</b>		

Fonte: IGE, Padrón Municipal de Habitantes 1996. Revisión do Padrón Municipal de Habitantes 2000. Elaboración propia

### 2.4. Densidade de poboación

Das cifras anteriores resulta unha densidade media na zona –no ano 2000- de **47,0 habitantes/ km<sup>2</sup>**, o que representa 1/3 da media da provincia de A Coruña e a metade da galega.

Non obstante, a poboación distribúese de forma moi desigual dentro do territorio, de tal modo que as densidades demográficas varían desde os 308,8 habts./ km<sup>2</sup> de Pontedeume e os 109,1 de Cabanas ata os 19,6 de Somozas e os 15,7 de

Monfero (ver cadro 1).

## 2.5. Estructura do hábitat

### a. Parroquias e entidades singulares de poboación

En 1996 a poboación estaba repartida aquí nun total de 1.208 entidades singulares, o que supoñía o 4% das existentes en Galicia. Deste modo, un territorio que ocupa o 2,7% da superficie rexional e alberga o 1,4% dos seus habitantes conta co 4% das entidades de poboación.

Iso pon de manifesto que a elevada dispersión do hábitat, e en concreto do hábitat rural, que caracteriza globalmente á nosa Comunidade Autónoma, alcanza nesta zona unha especial intensidade. Esta situación reflíctese en dous índices: o número muito maior de entidades por km<sup>2</sup> (1,53 no territorio EuroEume, fronte a 1,07 no conxunto de Galicia); e o menor tamaño medio das entidades (30,6 habitantes/ entidade, fronte a 86,5) (ver cadro 2). Este último dato refórzase aínda máis se temos en conta que das 1.208 entidades existentes no territorio o 97% teñen menos de 100 habitantes, e máis do 75% non chegan aos 20 habitantes (ver cadro 3).

**Cadro 2. Número e tamaño medio das parroquias e as entidades de poboación 1998**

	Nº de parroquias	Nº de entidades de poboación	Poboación 1998	Extensión (km <sup>2</sup> )	Entidades/ km <sup>2</sup>	Habitantes/ entidade	Habitantes/ parroquia
<b>Cabanas</b>	7	56	3.249	30,3	1,85	58,0	464,1
<b>Capela (A)</b>	3	88	1.619	58	1,52	18,4	539,7
<b>Moeche</b>	5	122	1.583	48,5	2,52	13,0	316,6
<b>Monfero</b>	7	191	2.728	171,7	1,11	14,3	389,7
<b>Pontedeume</b>	8	76	8.893	29,3	2,59	117,0	1111,6
<b>Pontes (As)</b>	13	246	12.473	249,4	0,99	50,7	959,5
<b>San Sadurniño</b>	7	186	3.503	99,7	1,87	18,8	500,4
<b>Somozas (As)</b>	4	149	1.506	70,9	2,10	10,1	376,5
<b>Vilarmaior</b>	6	94	1.412	30,3	3,10	15,0	235,3
<b>EuroEume</b>	60	1.208	36.966	788,1	1,53	30,6	616,1
<b>Galicia</b>	3.786	31.497	2.724.544	29.476,7	1,07	86,5	719,6

Fonte: IGE, Revisión do Padrón Municipal de Habitantes de 1998. INE, Nomenclátor de las aldeas, ciudades y villas 1996. Elaboración propia

**Cadro 3. Distribución das entidades de poboación segundo a cifra de habitantes 1996**

	Número de habitantes									
	0	1-10	11-20	21-50	51-100	101-200	201-500	501-1000	1001-5000	>5000
<b>Cabanas</b>	0	9	14	15	9	7	1	1	0	0
<b>Capela</b>	5	39	17	23	3	0	1	0	0	0
<b>Moeche</b>	11	60	30	17	3	1	0	0	0	0
<b>Monfero</b>	4	85	65	31	5	1	0	0	0	0
<b>Pontedeume</b>	1	12	17	23	11	7	3	1	1	0
<b>Pontes (As)</b>	60	130	33	15	2	5	0	0	0	1
<b>S.Sadurniño</b>	9	75	48	43	6	5	0	0	0	0
<b>Somozas</b>	24	80	25	17	3	0	0	0	0	0
<b>Vilarmaior</b>	3	39	30	20	2	0	0	0	0	0
<b>EuroEume</b>	117	529	280	204	44	25	5	2	1	1

Fonte: INE, Nomenclátor de las aldeas, ciudades y villas 1996. Elaboración propia

Por outro lado, esas 1.208 entidades agrúpanse en 60 parroquias, de onde resulta que cada parroquia conta por termo medio con 20 entidades distintas e 616,1 habitantes (cadro 2).

***b. Poboación rural e urbana***

Para efectuar a distinción entre poboación rural e urbana seguimos os criterios empregados polo INE nos Censos de poboación, e agrupamos na zona urbana as que se designan nesa fonte como zonas urbana e intermedia. Deste modo, clasificamos como rural a poboación residente en entidades con menos de 2000 habitantes, e como urbana a que habita en núcleos que superan ese tamaño.

Pois ben, aplicando ese criterio a porcentaxe de poboación urbana no territorio EuroEume situábase en 1996 no 40,8%, lixeiramente por baixo da media galega (42,0%). Por tanto, trátase dunha comarca cun grao de urbanización da poboación – medido a través dese indicador simple- baixo, pero que está acorde coa situación global na nosa Comunidade Autónoma. Esa poboación urbana concéntrase nos dous únicos núcleos de certa dimensión existentes aquí: as vilas de Pontedeume e As Pontes, que en conxunto -como acabamos de sinalar- suman o 40,8% dos habitantes do territorio (ver cadro 4).

O restante 59,2% da poboación de EuroEume reside na zona rural (entidades

menores de 2000 habitantes). Resultando unha densidade media de poboación rural de tan só 28 habitantes/ km<sup>2</sup>, a metade aproximadamente da densidade rural media galega (53,7) (ver cadro 4).

En suma, pois, estamos ante un territorio caracterizado por: o predominio rural, e unhas densidades demográficas rurais baixas no contexto galego. Aínda que as cifras globais esconden, tamén neste aspecto, unha enorme heteroxeneidade interna: mentres que o concello de As Pontes presenta unha densidade rural propia dun área de montaña ou mesmo de alta montaña (6,9 habitantes/ km<sup>2</sup>), nos dous municipios costeiros – Pontedeume e Cabanas- esta supera os 100 habitantes/ km<sup>2</sup>. Nos 6 concellos restantes a cifra oscila en xeral entre os 20 e os 50 habitantes rurais/ km<sup>2</sup> (ver cadro 4).

#### Cadro 4. Poboación rural e poboación urbana 1996

	Poboación urbana (1)	Poboación rural (2)	Grao de urbanización	Densidade da poboación rural (hab/km <sup>2</sup> )
<b>Cabanas</b>	0	3.226	0,0%	106,5
<b>Capela (A)</b>	0	1.642	0,0%	28,3
<b>Moeche</b>	0	1.601	0,0%	33,0
<b>Monfero</b>	0	2.847	0,0%	16,6
<b>Pontedeume</b>	4.289	4.592	48,3%	156,7
<b>Pontes (As)</b>	10.954	1.710	86,5%	6,9
<b>San Sadurniño</b>	0	3.504	0,0%	35,1
<b>Somozas (As)</b>	0	1.543	0,0%	21,8
<b>Vilarmaior</b>	0	1.435	0,0%	47,4
<b>EuroEume</b>	15.243	22.100	40,8%	28,0
<b>Galicia</b>	1.147.446	1.584.223	42,0%	53,7

(1) Poboación rural: residente en entidades de tamaño igual ou inferior a 2000 habitantes.

(2) Poboación urbana: residente en entidades con máis de 2000 habitantes (isto correspóndese con zonas urbana e intermedia dos Censos de poboación).

**Densidade da poboación rural** =  $\frac{\text{Poboación en entidades } < 2000 \text{ habitantes}}{\text{Superficie total}}$

**Grao de urbanización** =  $\frac{\text{Poboación urbana (residente en entidades } > 2000 \text{ habitantes)}}{\text{Poboación total}}$

Fonte: INE, Padrón Municipal de Habitantes de 1996. Nomenclátor de las aldeas, ciudades y villas

Examinando as tendencias a longo prazo, o volume e a densidade de poboación

rural aumentou no territorio ata mediados do século XX. Pero a partir de 1950 (de modo similar ao sucedido no conxunto de Galicia) experimenta unha forte e continua regresión. Así, no período 1950-2000 a poboación rural da zona EuroEume reduciuse en case un 50%, facendo que a súa densidade pasara de 50,4 habitantes rurais/ km<sup>2</sup> a tan só 26,8 na actualidade (ver cadro 5).

**Cadro 5. Evolución da poboación rural 1887-2000**

	1887	1900	1920	1940	1950	1970	1981	1991	2000
<b>Poboación rural</b>	34433	36164	35487	40177	40013	31274	25923	22500	21310
<b>Poboación urbana</b>	2591	2634	4967	5594	6773	10029	14107	15920	15941
<b>Pob. urbana/ Pob. total</b>	7,0%	6,8%	12,3%	12,2%	14,5%	24,3%	35,2%	41,4%	42,77%
<b>Densidade de poboación rural (hab./km<sup>2</sup>)</b>	43,4	45,6	44,7	50,6	50,4	39,4	32,7	28,4	26,8

Fonte: INE, Censos de poboación 1887-1991. IGE, Revisión do Padrón Municipal de Habitantes de 2000. Elaboración propia

Nota: Os datos están elaborados aquí clasificando na poboación urbana a das parroquias correspondentes ás vilas de Pontedeume e As Pontes.

## **2.6. Movemento natural da poboación: natalidade, mortalidade e crecemento vexetativo**

Como é sabido, a caída en picado experimentada pola natalidade desde a segunda metade da década dos 70, unida á estabilidade ou incremento da taxa de mortalidade polo crecente envellecemento demográfico, provocou que a poboación galega entrara desde mediados dos 80 en taxas de crecemento vexetativo negativas; taxas negativas que tenden a ampliarse continuamente ata a actualidade.

Esa mesma evolución conséctase tamén no territorio EuroEume pero de modo máis acusado, debido ao maior impacto que tivo aquí a emigración (sobre todo no período 1950-1975) e o maior envellecemento que en consecuencia presenta a poboación. Así, se examinamos as cifras correspondentes a 1998 observamos que este



territorio rexistra: unha taxa de natalidade inferior á media galega (5,49 nacementos por cada 1000 habitantes, fronte a 6,74), acompañada dunha taxa de mortalidade superior (11,85 defuncións por 1000 habitantes, fronte a 10,31); orixinando iso unha taxa de crecemento vexetativo negativa que case duplica a media rexional (-6,36 ‰ fronte a 3,57 ‰) (ver cadro 6).

Na análise a nivel municipal son dous os feitos a salientar:

- Os 9 concellos que forman EuroEume mostran actualmente taxas de crecemento vexetativo negativas.
- Pero a magnitude relativa dese saldo negativo difire fortemente, aparecendo correlacionada –como cabería agardar- coa dinámica nas últimas décadas e a estrutura actual da poboación. Así, a situación menos desfavorable dáse nos dous concellos máis urbanos (As Pontes e Pontedeume), mentres que aqueles cun carácter máis rural están sometidos a un declive natural da poboación intenso e dificilmente reversible (cadro 6).

**Cadro 6. Taxas de natalidade, mortalidade e crecemento vexetativo 1998 (taxas por 1000 habitantes)**

	Taxa de natalidade	Taxa de mortalidade	Taxa de crecemento vexetativo
<b>Cabanas</b>	5,23	21,55	-16,31
<b>Capela (A)</b>	4,32	16,06	-11,74
<b>Moeche</b>	3,79	8,84	-5,05
<b>Monfero</b>	5,50	17,96	-12,46
<b>Pontedeume</b>	7,08	10,91	-3,82
<b>Pontes (As)</b>	5,53	7,14	-1,60
<b>San Sadurniño</b>	4,00	13,70	-9,71
<b>Somozas (As)</b>	3,98	16,60	-12,62
<b>Vilarmaior</b>	4,25	14,16	-9,92
<b>EuroEume</b>	5,49	11,85	-6,36
<b>Galicia</b>	6,74	10,31	-3,57

Fonte: IGE, Movemento Natural da Poboación 1998

## 2.7. Estructura da poboación por idades. Nivel de envellecemento e taxas de dependencia e substitución

### a. Nivel de envellecemento; a porcentaxe de poboación $\geq 65$ anos

A pirámide de idades reproducida anteriormente (no gráfico 1) é suficientemente ilustrativa do elevado envellecemento que presenta actualmente a poboación do territorio EuroEume. En concreto nesa pirámide, referida a 1998 e que ten un perfil xeral similar á do conxunto da poboación galega, destaca: o ensanchamento progresivo da cima (que reflicte o peso crecente das persoas de idade avanzada); e o acusado estreitamento da base –por baixo dos 15 anos- (producto do desplome da natalidade –e máis exactamente da fecundidade- que se rexistrou nas dúas últimas décadas, a partir de finais dos 70).

Tomando un indicador simple do nivel de envellecemento, conséntase que a porcentaxe de poboación con 65 e máis anos alcanzaba aquí en 1998 o 20,7%, cifra lixeiramente superior á media galega (19,3%). Destacando especialmente o acusado envellecemento demográfico de aqueles concellos do territorio cun maior carácter rural (así en Somozas, Moeche e Monfero a citada porcentaxe superaba o 30%).

#### **Cadro 7. Nivel de envellecemento da poboación 1998**

	<b>Poboación total</b>	<b>Poboación &gt;=65 anos</b>	<b>Índice de envellecemento</b>
<b>Cabanas</b>	3.249	683	21,0%
<b>Capela (A)</b>	1.619	331	20,4%
<b>Moeche</b>	1.583	524	33,1%
<b>Monfero</b>	2.728	831	30,5%
<b>Pontedeume</b>	8.893	1522	17,1%
<b>Pontes (As)</b>	12.473	1842	14,8%
<b>San Sadurniño</b>	3.503	1007	28,7%
<b>Somozas</b>	1.506	476	31,6%
<b>Vilarmaior</b>	1.412	441	31,2%
<b>EuroEume</b>	36.966	7657	20,7%
<b>Galicia</b>	2.724.544	525798	19,3%

Fonte: IGE, Revisión do Padrón Municipal de Habitantes 1998. Elaboración propia

#### ***b. Taxas de dependencia***

Para que unha poboación presente un equilibrio a longo prazo na súa composición por idades conséntase habitualmente que é preciso que rexistre unha taxa de dependencia senil (poboación >= 65 anos/ poboación de 15-64 anos) inferior ao 20% e unha taxa de dependencia xuvenil (poboación <15 anos/ poboación de 15-64 anos)

superior ao 40%. Pois ben, como resultado do crecente envellecemento experimentado na segunda metade do século XX, e que se acelerou nas décadas recentes, o territorio EuroEume está hoxe moi lonxe desa situación: a taxa de dependencia senil elévase ao 31,6%, mentres que a xuvenil límitase ao 18,1%; unhas cifras estas que son, novamente, lixeiramente máis negativas que as do conxunto de Galicia (28,5% e 19,3%, respectivamente) (cadro 8).

O maior peso das persoas de idade avanzada provoca finalmente que tamén alcance un valor máis elevado a taxa de dependencia global, un índice de gran relevancia económica posto que mostra o número de persoas en idade inactiva (vellos e nenos) que debe soste cada individuo en idade laboral. Esta taxa de dependencia (demográfica) sitúase aquí no 49,7%, fronte a unha media galega do 47,8% (cadro 8).

### Cadro 8. Taxas de dependencia 1998

	Taxa de dependencia senil (1)	Taxa de dependencia xuvenil (2)	Taxa de dependencia global (3)
<b>Cabanas</b>	31,17%	17,23%	48,40%
<b>Capela (A)</b>	50,61%	14,77%	65,38%
<b>Moeche</b>	57,17%	14,78%	71,96%
<b>Monfero</b>	49,67%	15,46%	65,13%
<b>Pontedeume</b>	24,74%	19,94%	44,68%
<b>Pontes (As)</b>	20,66%	19,24%	39,89%
<b>San Sadurniño</b>	46,41%	15,07%	61,47%
<b>Somozas (As)</b>	53,13%	18,86%	71,99%
<b>Vilarmaior</b>	51,71%	15,08%	66,78%
<b>EuroEume</b>	31,61%	18,11%	49,72%
<b>Galicia</b>	28,53%	19,29%	47,82%

Fonte: IGE, Revisión do Padrón Municipal de Habitantes 1998. Elaboración propia

- (1). **Taxa de dependencia senil**=Poboación >65 anos/poboación 15-64 anos
- (2). **Taxa de dependencia xuvenil**=Poboación <15 anos/poboación 15-64 anos
- (3). **Taxa de dependencia total**=Poboación (>65anos+<15anos)/Poboación 15-64 anos

### c. *Taxas de substitución*

-Taxa de substitución A (poboación 20-24 anos/ poboación 60-64 anos)

Unha primeira versión da taxa de substitución consiste en tomar a relación entre o

grupo quinquenal que está abandonando –ou a punto de abandonar- o mercado laboral (60-64 anos) e o que se incorpora ao mesmo (20-24 anos). Pois ben, tomando este indicador de novo o territorio EuroEume, cunha taxa de substitución de 1,22, atópase peor que a media galega (1,34).

Ese valor implica que, polo momento, o territorio é aínda capaz de reempregar a poboación que abandona vía xubilación o mercado laboral coa incorporación das novas xeracións. Pero isto con toda probabilidade vai deixar de ser así (esa taxa de substitución vai caer por baixo de 1) no prazo de aproximadamente unha década, a medida que vaian chegando á idade laboral as xeracións cada vez menos numerosas nadas a partir de 1975 ou 1980.

### **Cadro 9. Taxa de substitución da poboación (A) 1998**

	<b>Poboación 20-24 anos</b>	<b>Poboación 60-64 anos</b>	<b>Taxa de substitución (A)</b>
<b>Cabanas</b>	281	229	1,23
<b>Capela (A)</b>	139	124	1,12
<b>Moeche</b>	93	149	0,62
<b>Monfero</b>	158	231	0,68
<b>Pontedeume</b>	737	484	1,52
<b>Pontes (As)</b>	1.092	615	1,78
<b>San Sadurniño</b>	233	316	0,74
<b>Somozas (As)</b>	86	108	0,8
<b>Vilarmaior</b>	73	113	0,65
<b>EuroEume</b>	2892	2369	1,22
<b>Galicia</b>	222640	166651	1,34

Fonte: IGE, Revisión do Padrón Municipal de Habitantes 1998

### -Taxa de substitución B (poboación 15-39 anos/ poboación 40-64 anos)

Consideramos neste caso o reemprego xeracional, ao relacionar a poboación que xa está consolidada no mercado laboral (40-64 anos) con aquela que ou ben se está incorporando ao mesmo ou se encontra nunha fase de maduración (15-39 anos). A situación é similar á mostrada polos indicadores anteriores, cunha posición do territorio máis desfavorable que a media galega, aínda que non moi alonxada dela: unha taxa de

1,19 frente a 1,24 (cadro 10).

**Cadro 10. Taxa de substitución da poboación (B) 1998**

	<b>Poboación 15-39 anos</b>	<b>Poboación 40-64 anos</b>	<b>Taxa de Substitución (B)</b>
<b>Cabanas</b>	1177	1011	1,16
<b>Capela (A)</b>	574	532	1,08
<b>Moeche</b>	418	502	0,83
<b>Monfero</b>	849	842	1,01
<b>Pontedeume</b>	3557	2591	1,37
<b>Pontes (As)</b>	5.032	3884	1,30
<b>San Sadurniño</b>	1041	1129	0,92
<b>Somozas (As)</b>	447	449	1,00
<b>Vilarmaior</b>	415	434	0,96
<b>EuroEume</b>	13510	11374	1,19
<b>Galicia</b>	1021414	821739	1,24

Fonte: IGE, Revisión do Padrón Municipal de Habitantes 1998. Elaboración propia

## **2.8. Evolución da poboación**

### ***a. As tendencias globais ao longo do século XX (1900-2000)***

O volume global de poboación do territorio EuroEume mantivo ao longo da primeira metade do século XX (máis exactamente ata 1960) unha tendencia crecente. Pero a partir de ahí iniciou unha diminución que vai continuar de forma ininterrompida nas 4 últimas décadas. Deste modo, no período 1960-2000 o número de habitantes reduciuse nun 20,9%, provocando que este sexa hoxe lixeiramente inferior ao de comezos do século XX (ver cadro 11).

No plano temporal esa regresión demográfica foi especialmente intensa na década dos 60, tendendo a suavizarse nos tres últimos decenios como consecuencia do cese da emigración ao exterior de Galicia.

Por outro lado, esa dinámica agregada esconde uns grandes contrastes a nivel municipal: mentres que nos concellos cun carácter máis rural (Moeche, Monfero,

Somozas, Vilarmaior) o volume actual de poboación non chega á metade da que tiñan a principios do século XX, en As Pontes multiplicouse por 2,7 e en Pontedeume fíxoo por 1,5 (ver cadros 11 e 12).

**Cadro 11. Evolución da poboación do territorio EuroEume 1900-2000**

	Habitantes de feito					Habitantes de dereito		
	1900	1960	1970	1981	1991	1996	1998	2000
<b>Cabanas</b>	3.322	5.014	5.001	3.500	3.074	3.226	3.249	3371
<b>Capela (A)</b>	3.960	4.748	3.967	3.212	1.719	1.642	1.619	1561
<b>Moeche</b>	3.168	3.148	2.434	2.036	1.719	1.601	1.583	1559
<b>Monfero</b>	5.715	5.879	4.360	3.586	2.975	2.847	2.728	2697
<b>Pontedeume</b>	5.943	8.201	8.107	8.459	8.851	8.881	8.893	9109
<b>Pontes (As)</b>	4.626	8.317	7.916	11.027	13.214	12.664	12.473	12671
<b>S.Sadurniño</b>	5.201	5.959	4.907	4.340	3.747	3.504	3.503	3419
<b>Somozas</b>	3.801	3.476	2.610	1.973	1.678	1.543	1.506	1455
<b>Vilarmaior</b>	3.062	2.370	2.001	1.897	1.413	1.435	1.412	1409
<b>EuroEume</b>	38.798	47.112	41.303	40.030	38.390	37.343	36.966	37.251
<b>Galicia</b>	1.980.515	2.602.962	2.583.674	2.753.836	2.720.445	2.731.669	2.724.544	2.730.337

Fonte: INE, Censos de Poboación. IGE, Padrón Municipal de Habitantes 1996. Revisión do Padrón 1998 e 2000. Elaboración Propia

**Cadro 12. Evolución da poboación do territorio EuroEume (índices base 1900=100)**

	1900	1960	1970	1981	1991	1996	2000
<b>Cabanas</b>	100,0	150,9	150,5	105,4	92,5	97,1	101,5
<b>Capela (A)</b>	100,0	119,9	100,2	81,1	43,4	41,5	39,4
<b>Moeche</b>	100,0	99,4	76,8	64,3	54,3	50,5	49,2
<b>Monfero</b>	100,0	102,9	76,3	62,7	52,1	49,8	47,2
<b>Pontedeume</b>	100,0	138,0	136,4	142,3	148,9	149,4	153,3
<b>Pontes (As)</b>	100,0	179,8	171,1	238,4	285,6	273,8	273,9
<b>S Sadurniño</b>	100,0	114,6	94,3	83,4	72,0	67,4	65,7
<b>Somozas (As)</b>	100,0	91,4	68,7	51,9	44,1	40,6	38,3
<b>Vilarmaior</b>	100,0	77,4	65,3	62,0	46,1	46,9	46,0
<b>EuroEume</b>	100,0	121,4	106,5	103,2	98,9	96,2	96,0
<b>Galicia</b>	100,0	131,4	130,5	139,0	137,4	132,3	131,7

**b. A dinámica recente (1981-2000)**

No período intercensal 1981-1991 a poboación do territorio reduciuse nun – 4,1%, un descenso claramente superior ao rexistrado no conxunto de Galicia (-1,2%). Esa regresión foi xeral en todos os concellos (oscilando en xeral entre o –12% e o – 25%), coa única excepción dos dous cun maior carácter urbano, As Pontes e Pontedeume (cadro 13).

As cifras correspondentes á última década (1991-2000) deben tomarse con cautela, posto que as do último ano (2000) proceden dunha revisión padronal, moito menos fiables que os censos de poboación. Con esas reservas, podemos destacar tres conclusións:

- Ao igual que no conxunto de Galicia, a poboación do territorio viu intensificada a súa regresión respecto ao decenio anterior; feito que, sen dúbida, hai que relacionar coa ampliación do saldo vexetativo negativo.
- Esa regresión é, sen embargo, inferior á media galega.
- A nivel municipal prosegue a contracción demográfica dos concellos rurais da zona, e as maiores novidades están nos municipios cun maior carácter urbano: o de As Pontes entra nunha dinámica negativa, limitándose o dinamismo aos dous costeiros (Pontedeume e Cabanas) (cadro 14).

**Cadro 13. Variación da poboación 1981-1991**

	Habitantes de feito		Variación 1981-1991
	1981	1991	
<b>Cabanas</b>	3.500	3.074	-12,2%
<b>Capela (A) (*)</b>	3.212	1.719	-46,5%
<b>Moeche</b>	2.036	1.719	-15,6%
<b>Monfero</b>	3.586	2.975	-17,0%
<b>Pontedeume</b>	8.459	8.851	4,6%
<b>Pontes (As) (*)</b>	11.027	13.214	19,8%
<b>S.Sadurniño</b>	4.340	3.747	-13,7%
<b>Somozas</b>	1.973	1.678	-15,0%
<b>Vilarmaior</b>	1.897	1.413	-25,5%

<b>EuroEume</b>	40.030	38.390	-4,1%
<b>Galicia</b>	2.753.836	2.720.445	-1,2%

Fonte: INE, Censos de Población 1981, 1991. Elaboración propia

(\*) A evolución nestes dous concellos aparece neste decenio distorsionada pola modificación operada nos seus límites, coa incorporación ao municipio de As Pontes de varias parroquias que ata entón formaban parte do de A Capela.

#### **Cadro 14. Variación da poboación 1991-2000**

	<b>1991</b>	<b>2000</b>	<b>Variación 1991-2000</b>
<b>Cabanas</b>	3.074	3371	9,7%
<b>Capela (A)</b>	1.719	1561	-9,2%
<b>Moeche</b>	1.719	1559	-9,3%
<b>Monfero</b>	2.975	2697	-9,3%
<b>Pontedeume</b>	8.851	9109	2,9%
<b>Pontes (As)</b>	13.214	12671	-4,1%
<b>San Sadurniño</b>	3.747	3419	-8,8%
<b>Somozas</b>	1.678	1455	-13,3%
<b>Vilarmaior</b>	1.413	1409	-0,3%
<b>EuroEume</b>	38.390	37.251	-3,0%
<b>Galicia</b>	2.844.472	2.730.337	-4,0%

Fonte: INE, Censo de Poboación 1991. Renovación padroal 2000. Elaboración propia


## **2.9. Variables básicas do mercado de traballo: poboación activa, ocupada e desempregada**

### *a. Poboación activa e taxas de actividade*

Segundo os datos do Padrón Municipal de Habitantes de 1996 a taxa global de actividade sitúase no territorio EuroEume no 42,2%, claramente por baixo da media galega (45,4%).

### **Gráfico 2. Taxas de actividade por sexos en 1996**





Fonte: IGE, Padrón Municipal de Habitantes 1996. Elaboración propia.

### Cadro 15. Poboación activa e taxas de actividade 1996

	Poboación activa			Taxa de actividade		
	Homes	Mulleres	Total	Masculina	Femenina	Total
<b>Cabanas</b>	717	367	1084	53,6%	25,4%	38,9%
<b>Capela (A)</b>	410	261	671	57,3%	35,4%	46,2%
<b>Moeche</b>	319	201	520	47,0%	27,2%	36,7%
<b>Monfero</b>	652	358	1010	50,9%	29,4%	40,4%
<b>Pontedeume</b>	2136	1077	3213	60,6%	27,6%	43,3%
<b>Pontes (As)</b>	3129	1302	4431	60,4%	25,0%	42,6%
<b>San Sadurniño</b>	750	528	1278	50,4%	33,4%	41,6%
<b>Somozas (As)</b>	408	268	676	60,3%	38,4%	49,2%
<b>Vilarmaior</b>	336	161	497	52,6%	25,4%	39,0%
<b>EuroEume</b>	8857	4523	13380	57,0%	28,0%	42,2%
<b>Galicia</b>	665463	383108	1048571	60,5%	31,6%	45,4%

Fonte: IGE, Padrón Municipal de Habitantes 1996. Elaboración propia

Taxa de actividade = Poboación activa/ Poboación de 16 e máis anos

Iso ten a súa orixe no valor máis baixo da taxa tanto nas mulleres como nos homes, sendo similar en ambos casos a distancia coa cifra galega. Por outra parte, a taxa feminina supón menos da metade da masculina (28% fronte a 57%), poñendo de manifesto as dificultades que existen no territorio para a incorporación da muller ao

mercado laboral (cadro 15, gráfico 2).

### ***b. Poboación ocupada e taxas de ocupación***

A taxa de ocupación no conxunto do territorio EuroEume está próxima á galega, se ben alcanza tamén un valor lixeiramente inferior (34,6% fronte a 35,7%). De novo obsérvase un marcado contraste por sexos, cunha taxa feminina (21,2%) que non chega á metade da masculina (48,5%) (cadro 16, gráfico 3).


**Cadro 16. Poboación ocupada e taxas de ocupación 1996**

	Poboación ocupada			Taxa de ocupación		
	Homes	Mulleres	Total	Masculina	Feminina	Total
<b>Cabanas</b>	607	264	871	45,4%	18,3%	31,3%
<b>Capela (A)</b>	364	225	589	50,9%	30,5%	40,5%
<b>Moeche</b>	246	170	416	36,2%	23,0%	29,4%
<b>Monfero</b>	515	294	809	40,2%	24,2%	32,4%
<b>Pontedeume</b>	1743	712	2455	49,4%	18,3%	33,1%
<b>Pontes (As)</b>	2770	993	3763	53,4%	19,1%	36,2%
<b>San</b>						
<b>Sadurniño</b>	625	381	1006	42,0%	24,1%	32,8%
<b>Somozas (As)</b>	359	239	598	53,0%	34,2%	43,5%
<b>Vilarmaior</b>	305	144	449	47,7%	22,7%	35,2%
<b>EuroEume</b>	7534	3422	10956	48,5%	21,2%	34,6%
<b>Galicia</b>	542713	282484	825197	49,4%	23,3%	35,7%

Fonte: IGE, Padrón Municipal de Habitantes 1996. Elaboración propia

Taxa de ocupación = Poboación ocupada/ Poboación de 16 e máis anos.

**Gráfico 3. Taxas de ocupación por sexos 1996**



Fonte: IGE, Padrón Municipal de Habitantes 1996. Elaboración Propia

### *c. Volume e taxas de desemprego*

#### -Desemprego censado no Padrón de 1996

A taxa de desemprego neste territorio alcanzaba en 1996 un valor moi elevado: 18,1%, o que significaba que case 2 de cada 10 activos estaban parados. Non obstante, en termos comparativos, esa taxa estaba lixeiramente por baixo da media galega (21,3%). O outro feito a salientar é que, como sucede en xeral en toda a UE e de modo particular en España, a taxa de desemprego na zona é moito maior nas mulleres (24,3%) que nos homes (18,1%) (cadro 17, gráfico 4).


**Cadro 17. Volume e taxas de desemprego. Padrón de 1996**

	Poboación parada			Taxa de paro		
	Homes	Mulleres	Total	Masculino	Femenino	Total
<b>Cabanas</b>	110	103	213	15,3%	28,1%	19,6%
<b>Capela (A)</b>	46	36	82	11,2%	13,8%	12,2%
<b>Moeche</b>	73	31	104	22,9%	15,4%	20,0%
<b>Monfero</b>	137	64	201	21,0%	17,9%	19,9%
<b>Pontedeume</b>	393	365	758	18,4%	33,9%	23,6%
<b>Pontes (As)</b>	359	309	668	11,5%	23,7%	15,1%
<b>San</b>						
<b>Sadurniño</b>	125	147	272	16,7%	27,8%	21,3%
<b>Somozas (As)</b>	51	27	78	12,5%	10,1%	11,5%
<b>Vilarmaior</b>	31	17	48	9,2%	10,6%	9,7%
<b>EuroEume</b>	1325	1099	2424	15,0%	24,3%	18,1%
<b>Galicia</b>	122750	100624	223374	18,4%	26,3%	21,3%

Fonte: IGE, Padrón Municipal de Habitantes 1996. Elaboración propia

Taxa de paro = Parados/ Poboación activa

**Gráfico 4. Taxa de paro por sexos. Padrón de 1996**



Fonte: IGE, Padrón Municipal de Habitantes 1996. Elaboración Propia

#### -Desemprego rexistrado

Os datos relativos ao desemprego rexistrado nas oficinas do INEM, ademais de ofrecer outra aproximación á cuantificación do paro, permítenos coñecer a súa evolución recente. Neste sentido, seguindo a tendencia xeral en Galicia e España, conséntase que no período 1994-2000, coincidindo coa actual fase de expansión económica, o desemprego experimentou no territorio unha clara diminución, se ben con certas oscilacións anuais (cadro 18).

**Cadro 18. Evolución do desemprego rexistrado 1994-2000**

	Número de parados rexistrados						
	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000
<b>Cabanas</b>	298	282	225	235	222	200	227
<b>Capela (A)</b>	86	82	93	95	92	79	91
<b>Moeche</b>	66	69	83	98	75	67	55
<b>Monfero</b>	200	160	171	156	144	115	114
<b>Pontedeume</b>	934	696	636	733	660	566	644
<b>Ponte (As)</b>	785	613	565	705	665	553	572
<b>San</b>	211	196	217	226	220	149	168
<b>Somozas (As)</b>	93	102	99	102	76	71	54
<b>Vilarmaior</b>	79	84	87	85	65	60	61
<b>EuroEume</b>	2.752	2.284	2.176	2.435	2.219	1.860	1.986
<b>Galicia</b>	205.276	195.096	188.643	177.642	166.552	151.158	143.259

Fonte. INEM, Estadísticas de paro rexistrado por concellos


### Cadro 19. Comparación entre o desemprego censado e o rexistrado 1996

	Volume de desemprego		Taxa de desemprego	
	censado	rexistrado	censado	Rexistrado
<b>Cabanas</b>	213	225	19,6%	20,5%
<b>Capela (A)</b>	82	93	12,2%	13,6%
<b>Moeche</b>	104	83	20,0%	16,6%
<b>Monfero</b>	201	171	19,9%	17,4%
<b>Pontedeume</b>	758	636	23,6%	20,6%
<b>Pontes (As)</b>	668	565	15,1%	13,1%
<b>San</b>				
<b>Sadurniño</b>	272	217	21,3%	17,7%
<b>Somozas (As)</b>	78	99	11,5%	14,2%
<b>Vilarmaior</b>	48	87	9,7%	16,2%
<b>EuroEume</b>	2424	2176	18,1%	16,6%
<b>Galicia</b>	223374	189323	21,3%	18,7%

Fonte: IGE, Padrón Municipal de Habitantes 1996. INEM, Estadística de paro rexistrado por concellos.

Elaboración propia

### Gráfico 5. Taxa de desemprego censado e rexistrado 1996



Fonte: IGE, Padrón Municipal de Habitantes 1996, INEM, Estadística de paro rexistrado por concellos.

Elaboración propia

## 2.10. Estructura sectorial da poboación ocupada

Globalmente, son dous os trazos esenciais que definen a estrutura sectorial do emprego nesta zona: un peso do sector agrario e a industria claramente superior á media galega; e unha importancia en cambio comparativamente moi baixa do sector servicios.

Isto esconde non obstante uns grandes contrastes entre os 9 municipios, sendo de destacar: o carácter marcadamente industrial de As Pontes, o elevado peso relativo dos servicios en Pontedeume, e o predominio do emprego agrario que segue dándose en varios dos concellos cun carácter máis rural (cadro 20 e gráfico 6).

### Cadro 20. Estructura por sectores da poboación ocupada 1996

#### A. Cifras absolutas


	Agricultura	Pesca	Industria	Construcción	Servicios	Total
<b>Cabanas</b>	78	2	262	118	411	871
<b>Capela (A)</b>	226	0	160	42	161	589
<b>Moeche</b>	179	0	70	33	134	416
<b>Monfero</b>	444	4	106	103	152	809
<b>Pontedeume</b>	119	53	768	229	1286	2455
<b>Pontes (As)</b>	257	20	1809	244	1433	3763
<b>San</b>	358	0	249	103	296	1006
<b>Somozas (As)</b>	366	1	63	51	117	598
<b>Vilarmaior</b>	172	2	88	61	126	449
<b>EuroEume</b>	2199	82	3575	984	4116	10956
<b>Galicia</b>	103536	33785	165543	93578	428755	825197

#### B. Distribución porcentual

	Agricultura	Pesca	Industria	Construcción	Servicios
<b>Cabanas</b>	9,0%	0,2%	30,1%	13,5%	47,2%
<b>Capela (A)</b>	38,4%	0,0%	27,2%	7,1%	27,3%
<b>Moeche</b>	43,0%	0,0%	16,8%	7,9%	32,2%
<b>Monfero</b>	54,9%	0,5%	13,1%	12,7%	18,8%
<b>Pontedeume</b>	4,8%	2,2%	31,3%	9,3%	52,4%
<b>Pontes (As)</b>	6,8%	0,5%	48,1%	6,5%	38,1%
<b>San</b>	35,6%	0,0%	24,8%	10,2%	29,4%
<b>Somozas (As)</b>	61,2%	0,2%	10,5%	8,5%	19,6%
<b>Vilarmaior</b>	38,3%	0,4%	19,6%	13,6%	28,1%
<b>EuroEume</b>	20,1%	0,7%	32,6%	9,0%	37,6%
<b>Galicia</b>	12,5%	4,1%	20,1%	11,3%	52,0%

Fonte: IGE, Padrón Municipal de Habitantes 1996. Elaboración propia

**Gráfico 6. Estructura sectorial da poboación ocupada; comparación de EuroEume co total de Galicia**



Fonte: IGE, Padrón Municipal de Habitantes de 1996. Elaboración Propia.

## 2.11. Nivel de renda e outros indicadores xerais sobre o nivel de desenvolvemento económico do territorio

### a. Nivel de renda (segundo os datos fiscais)

A tenor dos datos extraídos do Imposto sobre a Renda das Peroas Físicas, só un dos nove concellos que integran o territorio, o de As Pontes, disfruta dunha renda elevada: o rendemento medio declarado é claramente superior á media da provincia, á galega e á de España (cadro 21).

Nos restantes concellos destacan os máis rurais -A Capela, Moeche, Monfero, San Sadurniño, Somozas e Vilarmaior-, que rexistran un rendemento medio declarado claramente inferior ás medias da provincia, da Comunidade Autónoma e do estado. Pola súa banda, os dous municipios costeiros, Pontedume e Cabanas, limítrofes xeográficamente, teñen niveis de renda superiores á media de A Coruña e de Galicia, pero sensiblemente inferiores ás do conxunto de España (cadro 21). Probablemente o peso das actividades de servicios, e nomeadamente o turismo, contribúa a explicar esta situación.

En definitiva, temos un territorio con realidades heteroxéneas, se ben o conxunto



EuroEume presenta un nivel de renda inferior ao do entorno, sexa provincial, rexional ou estatal.

### Cadro 21. Imposto sobre a renda das persoas físicas 1997

	Porcentaxe de declarantes por tramos de Base Imponible (en millóns de ptas.)				Rendemento medio declarado (ptas)
	De 0,0 a 0,5	De 0,5 a 1,5	De 1,5 a 3,0	Máis de 3,0	
Cabanas	6,34	35,6	37,73	20,33	2.074.775
A Capela	7,81	46,02	26,83	19,34	1.865.884
Moeche	13,01	61,19	20,75	5,05	1.254.897
Monfero	17,58	51,49	25,94	4,99	1.287.837
Pontedeume	6,61	36,63	35,84	20,82	2.076.857
As Pontes	6,76	29,18	25,36	38,7	2.739.152
San Sarduniño	12,04	47,69	31,36	8,91	1.530.939
Somozas	12,72	57,71	22,66	6,91	1.343.844
Vilarmaior	11,12	50,48	30,19	8,21	1.544.385
A Coruña	7,52	39,58	34,8	18,1	2.041.025
Galicia	7,52	41,12	34,61	16,75	1.973.588
España	6,37	36,01	37,38	20,24	2.202.722

Fonte: MECOH. Agencia Estatal de Administración Tributaria. Información subministrada directamente  
Elaboración IGE

#### b. Cuota de mercado

Alén da renda, outro dos indicadores do nivel de vida é a cuota de mercado, isto é a capacidade de consumo da poboación. Neste sentido, os datos ofrecidos no cadro seguinte permiten completar e precisar a imaxen perfilada anteriormente.

### Cadro 22. Cuota de mercado 1998

	Poboación	Cuota de mercado	% poboación sobre o total provincial	% cuota mercado sobre o total provincial	% poboación sobre o total de Galicia	% cuota mercado sobre o total de Galicia
Cabanas	3.249	7	0,29	0,27	0,119	0,108
A Capela	1.619	4	0,15	0,15	0,059	0,062
Moeche	1.583	4	0,14	0,15	0,058	0,062
Monfero	2.758	5	0,25	0,19	0,101	0,077
Pontedeume	8.893	22	0,8	0,85	0,326	0,338
As Pontes	12.473	31	1,13	1,2	0,458	0,477
